DEPUTACIÓN OURENSE

RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA

Resolución núm. 2026/1174

Expediente: 2026/670W

RESOLUCIÓN

Peche e suspensión da convocatoria para o concurso público para o fomento das actividades escénicas e musicais para o ano 2026.

Con data 19 de xaneiro de 2026, a Xunta de Goberno desta Deputación acordou aprobar as bases reguladoras das subvencións da Deputación Provincial de Ourense para o fomento das actividades escénicas e musicais para o ano 2026.

De acordo coas bases da dita convocatoria, a posibilidade de concesión de subvencións para a realización de actuacións escénicas e musicais quedou aberta ata o 30 de novembro de 2026.

Con data 27 de xaneiro de 2026, a Intervención desta Deputación informou do esgotamento da partida orzamentaria correspondente a esta liña de axudas, o que imposibilita a concesión de novas subvencións dende o 27 de xaneiro de 2026 incluído.

Considérase conveniente, por razóns de seguridade xurídica e para os efectos de informar debidamente desta circunstancia aos potenciais interesados, deixar sen efecto a convocatoria das citadas subvencións, con efectos dende o 27 de xaneiro de 2026.

A Presidencia da Deputación procederá a denegar as solicitudes que teñan entrada dende o día 27 de xaneiro (inclusive) de 2026, sen necesidade de acordo algún ao respecto por parte da Xunta de Goberno, ao producirse a carencia dun requisito esencial para a concesión de subvencións, como é a existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente. Por todo o anteriormente exposto, e por razóns

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16340722754651255732 en https://sede.depourense.es

DEPUTACIÓN OURENSE

xustificadas de urxencia e sen prexuízo da posterior ratificación do acordo por parte da Xunta de Goberno,

Polo exposto, DISPOÑO:

1º.- Deixar sen efecto a convocatoria do concurso para concesión de subvencións para o fomento de actividades escénicas e musicais para o ano 2026, regulada polas bases da convocatoria aprobada por acordo da Xunta de Goberno do 19 de xaneiro de 2026. Como consecuencia deste acordo, as solicitudes presentadas dende o día 27 de xaneiro de 2026, non serán admitidas a trámite.

2º.- Ratificar esta resolución na seguinte Xunta de Goberno.

Así o dispón e o asina a Presidencia, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.

Notifícolle isto, facéndolle saber que contra o dito acto poderá interpoñer un recurso de reposición, previo ao contencioso – administrativo, ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, ou, alternativamente e de forma directa, un recurso contencioso – administrativo ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia de Ourense (ou outro que resultase territorialmente competente en aplicación das regras establecidas no artigo 14 de la Lei reguladora da xurisdición contencioso – administrativa), no prazo de dous meses. En ningún caso poderán simultanearse ambos recursos.

Os prazos computaranse de data a data a partir do día seguinte ao de recepción desta notificación, vencendo no día equivalente do mes natural seguinte ou, de non existir este, no último día do dito mes. No caso de que o día de vencemento sexa inhábil, entenderase prorrogado o dito prazo ao primeiro día hábil seguinte.

Durante o mes de agosto e nos días que median entre o 24 de decembro e o 6 de xaneiro do ano seguinte, ambos inclusive, os días de festas nacionais e os festivos a efectos laborais na respectiva Comunidade Autónoma ou localidade, non correrá o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo, salvo para o procedemento para a protección dos dereitos fundamentais no que o mes de agosto terá carácter de hábil.

Non obstante o anterior, poderá interpoñer calquera outro recurso ou acción administrativa ou xudicial que estime procedente.

Asinado electrónicamente por MARTA NOVOA IGLESIAS
A Deputada Delegada de Facenda, Economía e RRHH.
(P.D.: Resol. 2023/9863 - 31/07/2023)
27/01/2026 - 15:32:52

Asinado electrónicamente por ADAMANTINO BARREIRO GARCIA
Vicesecretario Xeral
27/01/2026 - 15:36:57

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16340722754651255732 en https://sede.depourense.es